



INFORME SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Expte: EI-D-01-2018).

Con data do 25/04/2019, recíbese escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que solicita o informe sobre a proposta da relación de postos de traballo desa entidade.

Acompáñanse memorias funcional e económica, así como a Acta da negociación previa celebrada coas organizacións sindicais o día 26 de marzo de 2019, da proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación.

Remítese posteriormente o 14/05/2019 o informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA) da presente proposta de modificación da RPT, segundo o disposto no artigo 41.2.E.a) do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De conformidade co establecido no artigo 22.2 do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, emítese o seguinte:

INFORME:

Primeiro.- Mediante o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19, do 27 de xaneiro) créase a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. Dita Axencia figura adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro, modificáronse os seus estatutos como consecuencia da extinción da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e a adscrición dos seus medios persoais e materiais á Axencia Galega de Innovación. (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación autoriza, na súa disposición adicional sexta, a creación da Axencia Galega da Industria Forestal e o Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, establece que esta Axencia asumirá os medios persoais e materiais e as competencias do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira, ata ese momento adscrito á Axencia Galega de Innovación.

Indicar que na actualidade atópase en trámite un proxecto de decreto de modificación da estrutura organizativa da Axencia Galega de Innovación ata o nivel de departamento





para adaptala as novas necesidades e funcións asignadas para outorgarlle a máxima eficacia no seu exercicio.

Esta adaptación supón a creación de dous Xefaturas de Departamento co nivel de servizo 28 A:

- Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas dependente directamente da Dirección da Axencia.
- Departamento de Xestión financeira e Contratación que depende da Área de Xestión.

Segundo.- A vixente relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación foi aprobada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de outubro de 2013. (DOG Núm. 213, do 7 de novembro de 2013) modificada por:

- Resolución do 9 de xuño de 2017 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de xuño de 2017 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación
- Resolución do 6 de xuño de 2014 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de xuño de 2014 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación

Terceiro.- A modificación da RPT formulada incide basicamente, nos seguintes puntos:

- 1º.- Adáptanse os postos de traballo á estrutura da Axencia: Decreto 125/2016, do 1 de setembro, de modificación dos estatutos da Axencia Galega de Innovación (DOG Núm. 178, do 19 de setembro de 2016) e ao novo proxecto de decreto (actualmente en trámite) de modificación dos estatutos e da estrutura da Axencia, mediante os que se crea as dous novas unidades de xefatura de departamento xa referidas.
- 2º.- Adáptanse os postos de traballo aos Corpos/escalas previstos nas disposicións adicionais oitava e novena da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia.

Esta adaptación supón a eliminación dos méritos e titulacións de moitos postos ao considerar que, como regra xeral, para a correcta execución das funcións destes postos abonda coa titulación e méritos esixidos para pertencer ao grupo/subgrupo correspondente, avaliados nos procesos selectivos de acceso aos mesmos.

- 3º.- Engádesse a columna correspondente á área funcional na que, no seu caso, se incardina o posto de traballo, segundo a Orde da Consellería de Facenda, do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da comunidade autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións





para o cubrir (DOG núm. 90, do 11 de maio), segundo proposta confirmada pola Axencia Galega de Innovación.

4º.- Adáptase a forma de provisión de postos por libre designación e concurso específico, ao previsto na Lei de Emprego Público de Galicia e na Resolución do 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 44, do 4 de marzo) pola que se ditou instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo, e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

Cuarto- Ademais destas adaptacións xerais, a presente proposta realiza as seguintes variacións:

a) Amortizacións.

Relación de postos que se suprimen:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CATEG.
IN.C03.00.000.15770.004	POSTO BASE GRUPO A1	A1	20
IN.C03.00.000.15770.008	POSTO BASE GRUPO A2	A2	16
IN.C03.00.000.15770.018	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12

Sinalar que o posto a suprimir IN.C03.00.000.15770.18 atópase vacante, sen embargo o posto co código: IN.C03.00.000.15770.004 figura como non vacante. O titular atópase ocupando outro posto de traballo en comisión de servizos na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dende o 17 de outubro de 2018.

Así mesmo, o posto de traballo co código: IN.C03.00.000.15770.008 figura non vacante e o seu titular atópase en comisión de servizos na Consellería de Política Social dende o 25 de novembro de 2016.

Consta no expediente as comunicacións ao persoal afectado.

b) Creacións.

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CATEG.
EI.A11.00.000.27100.020	XEFATURA DEPARTAMENTO COORD. DO POLO AEROSPAIAL	A1	28B
EI.A11.00.001.15770.060	XEFATURA DEPARTAMENTO XESTIÓN FINANCEIRA E CONTR.	A1-A2	28A
EI.A11.00.001.15770.061	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN FINANCEIRA	A1-A2-C1	25
EI.A11.00.002.15770.029	ENXEÑEIRO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A1	26





Entre as creacións cómpre facer constar a creación dunha Xefatura de Sección de xestión financeira para dar apoio ao novo Departamento de xestión financeira e contratación, e a creación dun posto de traballo derivada da execución dunha sentenza firme.

Figura na memoria funcional do expediente a xustificación da creación do posto co referencia ao seguinte traballador/a:

Nome Lab. Indefinida/o	Procedemento	Código do posto	Denominación do posto	Grupo	Nivel/Cat.
C. Abraham Covelo Casas	Ordinario 961/2008	EI.A11.00.002.15770.029	Enxeñeiro/a de Funcións Facultativas	A1	26

Este posto de traballo deberá configurarse dependendo da natureza das funcións que desenvolve, de acordo co disposto no artigo 28 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 que establece o seguinte:

“Relacións de postos de traballo

Un. As relacións de postos de traballo poderanse modificar para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir os afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcionarial ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir a el o persoal afectado.

Con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da Comunidade Autónoma serán creados como de persoal funcionario, agás que pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.

A súa creación propoñerase no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data de firmeza da sentenza xudicial, e, logo de se crear o posto, adscribirase provisionalmente a el a persoa afectada pola sentenza e procederase seguidamente á súa cobertura mediante os sistemas de selección e provisión legalmente establecidos.

Sen prexuízo do anterior, as consellarías e os seus organismos dependentes poderán propoñer mediante a correspondente modificación da relación de postos de traballo a amortización daqueles postos de traballo que consideren que non son necesarios para o cumprimento das funcións que teñen asignadas”.

Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.

Na columna de observacións da RPT faise constar a observación de “ocupado por persoal laboral indefinido non fixo”.

Este posto proverase ben a través dos sistemas de provisión legalmente establecidos ou ben a través da oferta pública de emprego.





a) Modificacións:

Deben facerse constar pola súa relevancia as seguintes modificacións:

1º.-Da estrutura orgánica da Entidade:

Ademais das referidas no parágrafo primeiro derivadas do proxecto de decreto que actualmente atópase en trámite debe sinalarse a modificación derivada do Decreto 125/2016, do 1 de setembro, de modificación dos estatutos da Axencia Galega de Innovación (DOG Núm. 178, do 19 de setembro de 2016).

Con este decreto modificáronse as funcións do posto de traballo denominado: “Área de Programas”. Dito posto figura nactualidade, configurado para ser desempeñado por persoal directivo profesional e tendo en conta as novas funcións a desenvolver, debe ser ocupado soamente por persoal funcionario.

Por conseguinte, modifícase a RPT da Axencia no sentido de que o posto de traballo de Director da Área de Programas co código: IN.A11.00.002.15770.001, pase a configurarse como un posto de persoal funcionario, coas características dun Subdirector Xeral.

2º.-Ao posto co código IN.CO3.00.001.15770.005 de enxeñeiro/a de funcións facultativas, elimínase a observación de “ocupado por indefinido non fixo”. O ocupante (A. Nimo Silva) cesou no posto de traballo ao ser nomeado funcionario da escala de enxeñeiros industriais. (Orde da Consellería de Facenda do 30 de setembro de 2015 (DOG nº.195, do 13 de outubro de 2015).

3º.-Modifícase o posto con código IN.CO3.00.001.15770.035 “ Sección de Habilitación” que denominarase “Sección de Habilitación e Tesourería”, e a súa forma de provisión pasa a concurso específico, por canto ademais das funcións de habilitación que tiña encomendadas asume as de tesourería.

Quinto.- O artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que soamente se poderán cubrir polo sistema de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

Así mesmo, no artigo 91 da referida norma, establécese que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Nesta proposta, mantense a inclusión desta forma de provisión, de xeito excepcional,





nos postos de traballo que a continuación se sinalan:

Código do posto	Denominación do posto	Criterio
Xefatura Departamento de Programación de Centros	EA.A11.00.004.15770.020	Especial responsabilidade por dirixir centros con características singulares.
Xefatura Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas	EA.A11.00.000.15770.020	Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.

Esta excepcionalidade determínase polas funcións que estes postos desenvolven que evidencian o cumprimento dalgún criterio ou atribución dos contemplados na "Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia"(DOG Núm. 44, do 4 de marzo de 2016). As funcións figuran xustificadas na memoria funcional da proposta.

De conformidade co establecido no artigo no artigo 22º.2 do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda modificado polo Decreto 11/2019, do 7 de febreiro, este centro directivo **INFORMA FAVORABLEMENTE** a proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo da Axencia Galega de Innovación, condicionado á aprobación do DECRETO, polo que se modifica o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus, expediente que atópase actualmente en trámite.

A este informe acompaña memoria explicativa, económica e funcional e os anexos da RPT. Remítase á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos aos efectos de sometelo ao preceptivo informe

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela o día 28 de maio de 2019

